



Expediente núm.: 2024/C004/000004
Código de servizos: 2024/C004/000004

Departamento: Contratación, adxunto a secretaría

Contrato: servizos

Procedemento: procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

Servizos: *Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025*

Asunto: providencia inicio expediente

Providencia de inicio de expediente de servizos

Procedemento: Contrato de servizos mediante procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

Expediente: 2024/C004/000004

Documento: Providencia

Asinante: o alcalde

PROVIDENCIA.- Logo de ver a memoria xustificativa para o procedemento de contratación expresado con estas características

Procedemento: aberto, (con pluralidade de criterios de adjudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática)

Tipo de contrato: servizos

Obxecto: **Actividades deportivas do Concello de Santa Comba para o curso 2024/2025**

Tramitación: Ordinaria

Código CPV: 92000000-1 Servizos de espaxemento, culturais e deportivos

92600000-7 Servizos deportivos

Valor estimado do contrato (incluído a prórroga): 58280,25 euros (IVE excluído)

IVE (21 %) (incluído a prórroga): 12238,85 €

Orzamento base da licitación (incluído a prórroga): 70519,1 € (IVE incluído)



Duración da execución:

Prazo de execución	O prazo de execución do servizo abranguerá o período comprendido entre os meses de setembro de 2024 e maio de 2025. A data estimada de inicio é o 16 de setembro. A de finalización o 31 de maio.
Prórroga posibilidade	Non se prevé

Prezo do contrato

Obxecto	Prezo/hora con IVE	Nº horas estimadas do contrato	Valor estimado	IVE (21 %)	Orzamento base de licitación
Actividades deportivas	27,5 Euros (27,503 Euros)	2.564	58.280,25 Euros	12.238,85 Euros	70.519,10 Euros

Anualidade	Prezo/hora con IVE	Nº horas anuais estimadas	Valor estimado	IVE (21 %)	Orzamento base de licitación
2024	27,5 Euros (27,503 Euros)	1.120	25.457,84 Euros	5.346,14 Euros	30.803,98 Euros
2025	27,5 Euros (27,503 Euros)	1.444	32.822,41 Euros	6.892,71 Euros	39.715,12 Euros

Custos salariais: 47.975,00 Euros

Seguros: 1.000,00 Euros

Total custes directos: 48.975,00 Euros

Gastos xerais (13%): 6.366,75 Euros

Beneficio industrial (6%): 2.938,50 Euros

Valor estimado: 58.280,25 Euros

IVE (21%): 12.238,85 Euros

Orzamento base de licitación: 70.519,10 Euros

Non división en lotes

Aínda que se poderían establecer lotes por prestacións, ao tratarse todas as posibles prestación a realizar de actividades deportivas, considérase máis eficaz que non se divida en lotes, para o fin de evitar problemas de coordinación do servizo, quedando xustificado, polo tanto, así como a necesidade de utilización de espazos municipais coordinadamente, unha pluralidade de contratistas diferentes dificultaría a correcta supervisión do mesmo, de conformidade co previsto no artigo 99 da LCSP.

Logo de ver as características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto, (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



Consta no expediente estes documentos:

- a) o certificado de existencia de crédito ou documento equivalente que acredita a existencia de financiación

- b) No expediente xustificarse:
 1. o prego de prescricións técnicas
 2. nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios
 3. a necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional
 4. a elección do procedemento de licitación
 5. a clasificación que se esixa aos participantes (se for o caso)
 6. os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo
 7. o valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custes laborais se existisen

Polo anteriormente expresado, **DISPOÑO**

1. A incorporación do prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que deben rexer neste contrato e para a contratación deste servizo.
2. A secretaría xeral emita o informe xurídico ao prego e ao expediente de contratación.
3. A intervención emita o informe de fiscalización previo á aprobación do expediente.

Santa Comba, na data da sinatura dixital

O alcalde

Alberto Romar Landeira

(Documento que se asina electronicamente)